



DECRETO DE ALCALDIA.

Decreto de alcaldía-presidencia do Concello de Rois polo que se resolve efectuar convocatoria pública para a contratación de persoal laboral temporal baixo a modalidade de contrato de duración determinada por circunstancias da produción.

ANTECEDENTES:

No ano 2025 o Concello de Rois asinou o Convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local, Concello de Rois, para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2025-2026, cofinanciado parcialmente co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do plan estratéxico da política agraria común (PEPAC) 2023-2027.

Esta alcaldía, no uso das atribucións que lle outorga o artigo 21.g) da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

DECRETO:

Primeiro.- Efectuar a convocatoria pública para a contratación en réxime de persoal laboral de unha brigada de prevención e defensa de incendios forestais composta por un/unha xefe/a de brigada, un/unha peón/peoa condutor/a e tres (peóns/peoas) na modalidade de contrato de duración determinada por circunstancias da produción.

Segundo.- Aprobar as bases que han de rexer a convocatoria e que se establecen no anexo que acompaña esta resolución.

Documento asinado electronicamente.

O alcalde

Ramón Tojo Lens

O secretario

Diego Losada Romero